



**CONCELLO DE
BOQUEIXÓN**
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
concello@boqueixon.com

NOTA INFORMATIVA

O Instituto Galego de Vivenda e Solo, a través da Resolución do 19 de maio do 2020 convoca subvencións do **Programa de axudas para contribuir a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual.**

OBXECTO

Concesión de axudas ao aluguer, mediante adxudicación directa, ás persoas arrendatarias de vivenda habitual que, como consecuencia do impacto económico e social do COVID-19 teñan problemas transitorios para atender ao pago parcial ou total do aluguer.

REQUISITOS

- a. Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.
- b. Ser titulares, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, con mención expresa da súa referencia catastral e do medio e forma de pagamento á persoa arrendadora.
- c. Que a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente, así como da súa unidade de familiar. Para estes efectos, tanto a persoa beneficiaria como as demais persoas integrantes da súa unidade familiar deben constar empadroadas na vivenda obxecto do contrato de alugamento na data da presentación da solicitude.
- d. Estar en situación de vulnerabilidade económica.
- e. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma

CONTÍA E DURACIÓN: A contía desta axuda será de ata 500€ mensuais, sen que en ningún caso poida exceder do importe da renda do contrato. Impagos xerados dende o mes de abril ata decembro do 2020 , durante un período máximo de 6 meses.

PRAZOS

O prazo de presentación de solicitudes remata o **30 de setembro de 2020**

Máis información e presentación de solicitudes no departamento de Servizos sociais de Boqueixón, chamando ao teléfono 981513106 (con cita previa) ou ben na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Boqueixón, 26 maio do 2020

O alcalde

Manuel Fernández Munín

